
DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DO CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TÉCNICO SUPERIOR EN TERMALISMO E BENESTAR.

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa reunión do día 16 de decembro de 2021, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Termalismo e Benestar.

- Propón engadir que a rateo máxima será de 20 alumnos/as por aula nos módulos de carácter teórico e de 10 nos módulos prácticos.

- Realiza as seguintes recomendacións:

1 Deberan engadirse referencias á promoción da igualdade. Existen varios módulos nos que terían encaixe estas referencias como son os de dinamización grupal, actividades de lecer e tempo libre.

2 Consideramos fundamental a introdución de obxectivos concretos para o desenvolvemento dos aspectos reflectidos no capítulo V da lei 2/2014 de visibilidade e non discriminación do colectivo LGTBI especialmente cando se refiren á dinámicas de grupo e supoñan o traballo directo con persoas, tendo en conta especialmente as persoas trans.

3 Deberan incluirse obxectivos concretos contra a violencia de xénero.

- Propón engadir as palabras "lésbica, bisexual" no último apartado do artigo 9, entre as palabras *homosexual* e *transexual*.

- Para o artigo 11 propón engadir que o número de alumnos e alumnas non sexa superior a 20, quedando o texto do seu apartado 5 segundo segue: *"A cantidad e as características dos equipamentos que se inclúen en cada espazo deberá estar en función do número de alumnos e alumnas non superior a 20, e han ser os necesarios e suficientes para garantir a calidade do ensino e a adquisición dos resultados de aprendizaxe".*

- Para o anexo II, A) Espazos mínimos, propón a supresión da segunda columna enteira (o relacionado con 30 alumnos).

- Para o anexo II, A) Espazos mínimos, propón a substitución na segunda columna da táboa do texto "30 alumnos/as" por "20 alumnos/as", e a substitución na terceira columna de "20 alumnos/as" por "10 alumnos/as".

- Para o anexo II, A) Espazos mínimos, propón a substitución do texto "trinta postos escolares" polo texto "vinte postos escolares".

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2021

O secretario




Xosé María López Carretero



Visto e prace

O vicepresidente



Fernando del Pozo Andrés